

O Festival Sinsal SON Estrella Galicia 2024 activará este venres, 10 de maio, a venda de abonos

O evento, cuxo cartel contará con máis de 20 bandas e solistas que o público só descubrirá ao desembarcar, terá lugar os días 26, 27 e 28 de xullo en San Simón


As entradas por día poderanse adquirir a partir do 13 de maio en Enterticket,
a mesma plataforma web na que estarán dispoñibles os abonos



Concerto de Jesca Hoop no Sinsal 2023 © Olalla Lojo

Redondela, 7 de maio de 2024.- O Festival Sinsal SON Estrella Galicia activará esta semana a venda de abonos e entradas para a súa nova edición, que terá lugar os días 26, 27 e 28 de xullo na illa de San Simón. O **venres 10 de maio, a partir das 12.00 horas**, o público poderá adquirir os seus abonos para gozar, ao longo de tres xornadas, tanto da música de máis de 20 bandas e solistas coma do patrimonio histórico e natural dunha illa declarada Ben de Interese Cultural. Uns días despois, o **luns 13 de maio, tamén a partir das 12.00 horas**, poderanse adquirir os billetes para asistir os distintos días. Os abonos e as entradas diarias estarán dispoñibles en [Enterticket](https://www.enterticket.com).

Para poder acceder ao festival, o único modo é coller un dos barcos que Sinsal pon á disposición do público nos embarcadoiros da Estación Marítima do porto de Vigo e do Centro de Interpretación de



Rande, en Meirande. **O transporte até a illa está incluído na entrada** e o público pode escoller o seu traxecto no momento da compra do seu billete, no que se lle informa dos horarios dos barcos. **Os prezos son diferentes en función do embarcadoiro así como da idade**, sendo máis económico o acceso para menores de 16 anos.

O **abono Sinsal**, que permite asistir ao evento os días 26, 27 e 28 de xullo, poderase adquirir a partir dos 145€. No caso das entradas por día, que facilitan o acceso ao festival unha única xornada, os prezos van desde os 45€ e até os 65€ en función da data e do porto de saída. Os horarios pódense consultar na páxina web oficial <https://festival.sins.al/>, na sección 'Entradas e abonos'.

Sinsal SON Estrella Galicia 2024

Sinsal SON Estrella Galicia é un dos encontros sonoros máis coidados e singulares do panorama musical estatal. Cada ano, Sinsal ofrece a un público reducido -800 persoas por día- a posibilidade de gozar dunha **pequena mostra da creación contemporánea máis estimulante** do momento nun escenario excepcional. Un dos sinais de identidade do evento tamén é o seu cartel secreto, que as e os asistentes só descubren ao desembarcar en San Simón.

A programación musical caracterizarase pola **diversidade de estilos musicais e orixes das bandas e solistas** que convivirán no corazón da Ría de Vigo na última fin de semana de xullo. Alén das actuacións, que cada día serán diferentes, durante o festival sucederanse numerosas actividades paralelas divulgativas, á fin de dar a coñecer **a historia e o patrimonio cultural e natural de San Simón**; ademais de propostas vinculadas á **sostibilidade ambiental e concienciación**, que este ano terán especial protagonismo; ou á recuperación e posta en valor dos **arquivos sonoros**, que se traducen en iniciativas como as **Sesións San Simón** ou mesmo os obradoiros **A Escola Sinsal**.

Este 2024, Sinsal SON Estrella Galicia volverá formar parte dos **Rías Baixas Fest**, a iniciativa da Deputación de Pontevedra que acolle, ao seu abeiro, aos principais festivais das Rías Baixas á fin de promover a programación cultural, a contorna natural e a gastronomía deste territorio.

Contacto de prensa Sinsal Lucía Pita | 675 404 321 | prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa <http://festival.sins.al/gl/prensa>

festival.sins.al

ORGANIZA

SINSALAUDIO

PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

Deputación
Pontevedra

Rías Baixas

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo

FEST
FEST GALICIA

COLABORAN

Chef
Maestro

ABRIL

PLATU
GALICIA

COSFERLA
GALICIA